



# PROBAS DE ACCESO AO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA

## CURSO 2023-2024

### GRAO ELEMENTAL

#### 1. OFERTA PÚBLICA DE PRAZAS

ESPECIALIDADE INSTRUMENTAL	PRAZAS GRAO ELEMENTAL
CLARINETE	1
FRAUTA TRAVESEIRA	1
GUIARRA	1
PERCUSIÓN	2
PIANO	2
SAXOFÓN	1
TROMPETA	1
VIOLÍN	1
VIOLONCELLO	1
<b>TOTAIS</b>	<b>11</b>

**NOTA:** As prazas ofertadas neste cadro poderán verse incrementadas en función da dispoñibilidade de vacantes nas diferentes especialidades, logo da matriculación do alumnado do centro no curso 2023-2024.

#### 2. MATRICULACIÓN DO ALUMNADO

A matriculación do alumnado realizarase ONLINE segundo se especifica a continuación.

Os/as candidatos/as deberán ter oito anos de idade ou un máximo de catorce, cumpridos ou a cumprir dentro do ano natural de 2023.

O alumnado interesado en realizar as probas de acceso deberá remitir UNICAMENTE a seguinte documentación ao enderezo [secretaria@cmusvilagarcia.gal](mailto:secretaria@cmusvilagarcia.gal) dende o **luns 24 ata o venres 28 de abril de 2023**.



- Impreso de Solicitud de Matrícula nas Probas de Acceso 2023-24 debidamente cumprimentado, e enumerando por orde de preferencia, as especialidades instrumentais que o/a alumno/a desexaría estudar. Unha vez cuberto o impreso, pregamos garden o arquivo co nome do/a alumno/a e se é posible o asinen dixitalmente.
- Copia do DNI do/a alumno/a interesado/a ou a folla do Libro de Familia na que figure o/a mesmo/a, ben escaneado ou ben coma imaxe.

### **Pagamento das Taxas**

- Unha vez recibida a solicitude de matrícula o Conservatorio Profesional de Música remitirá por correo electrónico a cada solicitante o documento de liquidación das taxas nas probas de acceso polo importe de **31,20 €** e que deberá ser aboado no prazo indicado en calquera sucursal da rede de oficinas de ABanca, BBVA, CaixaBank ou Banco Santander. Tamén é posible realizar o pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Vilagarcía de Arousa en <https://sede.vilagarcia.gal>. Unha vez feito o pagamento, o/a interesado/a deberá remitir ao centro por correo electrónico, o xustificante de pago conforme ten aboado as taxas nas probas de acceso.
- **A Matrícula nas probas de acceso no curso 2023-2024 non será efectiva ata que se reciba o xustificante de pago das taxas.**

No suposto de ter calquera problema para realizar a matrícula online, deberase comunicar por correo electrónico ao enderezo [secretaria@cmusvilagarcia.gal](mailto:secretaria@cmusvilagarcia.gal) ou no teléfono 986500916, como data tope o 27 de abril de 2023.

As probas de acceso ao 1º curso do grao elemental están previstas se realicen entre o **xoves 18 e venres 19 de maio de 2023**.

**Extracto do Decreto 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

(...)

*O grao elemental ten como obxectivo primordial desenvolver no alumnado o aprecio pola música coma linguaxe artística ademais de promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira un nivel suficiente para acceder aos estudos de grao profesional.*

*Para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade.*

*O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais dos/as interesados/as e á idade idónea para iniciar os estudos nas especialidades instrumentais.*

*A proba para avaliar as aptitudes musicais contemplará, cando menos, os seguintes aspectos:*



- *Exercicios para avaliar a aptitude rítmica*
- *Exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal*
- *Exercicios para avaliar a aptitude de psicomotricidade*

*A realización destes exercicios efectuarase de maneira que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente.*

**(Extracto da Circular 4/2008**, pola que se regulan as probas de acceso ó Grao Elemental das Ensinanzas de Réxime Especial de Música).

**II. 1.** *Os/as aspirantes a ingresar no primeiro curso do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso ao mesmo, non computándose, para estes efectos, as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para acceder a este curso.*

**V. 1.** *A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro, segundo a puntuación final acadada, e no ano que se realiza a mesma.*

**V. 3.** *Os/as aspirantes que, tendo superado as probas, non resulten admitidos/as pasarán a relacionarse nunha lista de espera a efectos de poder obter praza no caso de producirse unha vacante. A dita lista só terá validez para a convocatoria á que se presente o/a aspirante, non tendo efectos para convocatorias posteriores.*

### **3. CONTIDOS DA PROBA DE ACCESO/APTITUDE AO 1º CURSO**

#### **1.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes rítmicas do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 3 ritmos que o profesorado realizará coas palmas e que despois o/a aspirante deberá repetir.

#### **2.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivo-rítmicas do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 2 pares de secuencias rítmicas que o/a profesor/a reproducirá e nas que o/a aspirante deberá distinguir se son iguais ou diferentes.

#### **3.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivas do/a aspirante.

O exercicio consiste en distinguir en 2 pares de secuencias a diferenza de altura entre dous sons que o/a profesor/a reproducirá (baixos – agudos)

#### **4.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivas do/a aspirante.

O exercicio consiste en distinguir en 2 pares de secuencias a diferenza de duración entre dous sons que o/a profesor/a reproducirá (corto - largo)

#### **5.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivas do/a aspirante.



O exercicio consiste en distinguir en 2 pares de secuencias a diferenza de intensidade entre dous sons que o/a profesor/a reproducirá (forte - suave)

**6.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivas do/a aspirante.

O exercicio consiste en distinguir en 2 pares de secuencias o movemento de varios intervalos que o/a profesor/a reproducirá (ascendente - descendente)

**7.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes vocais do/a aspirante. O exercicio consiste en cantar unha canción libremente elixida polo/a aspirante.

**8.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices do/a aspirante. O exercicio consiste en imitar en espello os movementos que realice o/a profesor/a.

**9.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices do/a aspirante.

O exercicio consiste en reproducir coas palmas diferentes ritmos que realice o/a profesor/a (xeonllos e palmas).

**10.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices do/a aspirante.

O exercicio consiste en camiñar mantendo o tempo da música que reproducirá o/a profesor/a.

**11.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices do/a aspirante.

O exercicio consiste en pulsar as teclas do piano seguindo as indicacións que reciba do/a profesor/a.

## **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA PROBA DE ACCESO AO 1º CURSO**

Os tres aspectos a avaliar: exercicios para avaliar a aptitude rítmica, exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal e exercicios para avaliar a aptitude psicomotriz, puntuaranse cada un deles de 1 a 10 e efectuarase a media aritmética dos tres apartados.

As puntuacións totais obtidas polo alumnado nas probas de acceso axustaranse á cualificación numérica de 1 ata 10, ata un máximo dun decimal. Cumprirá obter, como mínimo, a cualificación de cinco puntos para superar a proba.

Para obter a cualificación final, sumaráselle á media aritmética da puntuación obtida no conxunto da proba, unha cifra en función da idade de cada aspirante, de maneira que se aplique un índice corrector que se especifica a continuación:

Aspirantes de 8 anos de idade: Puntuación da proba + 1,5 puntos.



Aspirantes de 9 anos de idade: Puntuación da proba + 1 puntos.

Aspirantes de 10 anos de idade: Puntuación da proba + 0,5 puntos.

Aspirantes a partir de de 11 anos de idade: Puntuación da proba + 0 puntos.

## **5. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS**

**O Tribunal designado para o efecto, realizará a asignación de prazas dispoñibles nas distintas especialidades tendo en conta a cualificación obtida no conxunto da proba e as prioridades e aptitudes amosadas polos/as candidatos/as. A este respecto o Tribunal cualificador consultará aos/as alumnos/as as súas preferencias sobre os instrumentos ofertados o día da proba. Ao alumnado que non obteña praza na especialidade solicitada como primeira opción seralle adxudicada unha nova especialidade tendo en conta a súas preferencias e aptitudes.**

Unha vez rematadas as probas de acceso ao 1º curso do grao elemental, o Conservatorio Profesional de Música realizará un chamamento na data e hora que se indique para comunicar ás familias os resultados das mesmas e co obxectivo de que o alumnado que as supere poida decidir se desexa aceptar á praza adxudicada, outra que estea dispoñible ou ben renunciar á opción de matriculación no curso académico 2023-2024. Unha vez formalizada a matrícula non haberá posibilidade de modificar a especialidade final escollida.

Outra opción é quedar na lista de espera da especialidade solicitada (que ten vixencia ata finais de outubro 2023) á expectativa de que haxa algunha vacante libre.

O alumnado que supere as probas de acceso e acepte as prazas adxudicadas deberá realizar a **matricula no curso académico 2023-2024 os días 29, 30 e 31 de maio de 2023.**